



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL,
OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA



ORDE DO XX DE XXXXX DE 2007 POLA QUE SE APROBAN OS CRITERIOS DE CÁLCULO DO VALOR DAS OBRAS E INSTALACIÓNS E DO VALOR DA SÚA DEPRECIACIÓN PARA A APLICACIÓN DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA, OCUPACIÓN OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

O Ente Público Portos de Galicia, creado pola Lei 5/1994, do 29 de novembro, e adscrito á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia, ten por obxecto o proxecto, construción, xestión e explotación dos portos adscritos á Comunidade Autónoma de Galicia.

Na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia regúlase no seu Anexo 5, apartado 02, a taxa pola utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público portuario da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na Lei establécese que para a aplicación desta taxa no caso de ocupación de obras ou instalacións, un dos conceptos que constitúen a base imponible da taxa é o valor das infraestruturas, superestruturas e instalacións, prevíndose que os criterios para o cálculo do valor das obras e instalacións aprobaraos o conselleiro competente en materia de portos, por proposta do ente público Portos de Galicia.

No que respecta ao valor das obras e instalacións, a orde establece como criterio xeral de fixación do mesmo a taxación, coa excepción dos bens construídos a cargo do ente público Portos de Galicia cunha antigüidade de ata cinco anos, nos que, dada a proximidade no tempo da finalización da construción e a súa vinculación con dito ente público, establécese como valor o seu custo de construción.

A depreciación do ben determínase lóxicamente en función do seu valor e vida útil.

Por canto queda exposto, por proposta do ente público Portos de Galicia, aprobada no seu Consello de Administración do 15 de marzo de 2007,

DISPOÑO

Artigo 1. Aos efectos de aplicación da taxa por utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público portuario da Comunidade Autónoma de Galicia, no caso de ocupación de obras e instalacións, o cálculo do valor das infraestruturas, superestruturas

Redacción enviada a CPTPOT en maio 2007



e instalacións e do valor da súa depreciación anual realizarase polo Ente Público Portos de Galicia no momento do outorgamento da concesión ou autorización correspondente, sobre a base de criterios de mercado.

1. O valor das infraestruturas, superestruturas e instalacións determinarase conforme ós seguintes criterios:

a).- Se se trata dun ben construído a cargo de Portos de Galicia e desde a data de recepción do mesmo non transcorreron máis de cinco anos, deberá considerarse como valor do ben o custo total da inversión coa depreciación correspondente.

b).- Nos restantes casos, o valor do ben determinarase mediante taxación realizada, a criterio de Portos de Galicia, polos seus servizos técnicos o por unha sociedade de taxación inscrita no Rexistro de Sociedades de taxación do Banco de España. Námbolos dous casos, tomaranse en consideración, entre outros factores, o seu estado de conservación e a súa posible obsolescencia. Este valor será aplicable durante os catro anos seguintes ó da taxación, coa depreciación correspondente.

2. A depreciación anual será o resultado de dividir o valor do ben pola súa vida útil, en anos enteiros, e será constante. No caso do apartado 1.a), a vida útil determinarase aplicando as táboas de vidas útiles vixentes para os activos integrantes do inmovilizado material dos organismos públicos portuarios. No caso do apartado 1.b), a vida útil será a que se estableza na taxación.

3. No caso de prórroga da concesión o autorización, procederase a unha nova taxación das obras e instalacións de acordo co disposto nos apartados anteriores.

Artigo 2. Esta Orde entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.